



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION



RED **EMPRENDIA**

Número 156/2016

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA E A ASOC. RED UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO ““SPIN 2016””.

Na Coruña a 21 de outubro de 2016

REUNIDOS

Dunha parte D. José Luis García García Deputado de Promoción Económica e Emprego, , en virtude da Resolución da Presidencia número 15671 de 27 de xullo de 2015 modificada pola número 16642 de 30 de xullo de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área e

Doutra parte Don Senén Barro Ameneiro, con DNI núm. 32746945 M, en representación da ASOC. RED UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA)

MANIFESTAN

1.- Que Consideran de gran interese para a provincia a realización do congreso dado que “SPIN 2016” ten como obxectivo principal a promoción do emprendemento universitario que contará con gran número de asistentes de varios países. O maior beneficiario deste evento será Galicia, en particular a provincia da Coruña, xa que serán os que obterán o maior retorno e beneficio do conxunto de actividades programadas.

2.- Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOC. RED UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ASOC. RED UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) CIF G85703247, para o financiamento do proxecto ““SPIN 2016””.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

ASOC. RED UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

GASTOS	IMPORTE
COMUNICACIÓN	95.272,55 €
PUBLICIDAD Y MEERCHANDISING:	30.100,00 €
Publicidad del Evento:.....	20.000,00 €
Catálogos.....	600,00 €
Imprenta.....	2.500,00 €
Traducción Documentación.....	2.500,00 €
Merchandising (no existe venta).....	4.500,00 €
IMAGEN Y COBERTURA EVENTO:	42.000,00 €
Audiovisual previo.....	10.000,00 €
Cobertura del evento.....	20.000,00 €
Streaming.....	12.000,00 €
DISEÑO Y DESARROLLO WEB:	23.172,55 €
Imagen de Spin y landig page.....	4.252,55 €
Diseño y Desarrollo Langing.....	500,00 €
Diseño Web.....	2.300,00 €
Desarrollo Web.....	2.420,00 €
Rotulación Espacios.....	11.000,00 €
Coste Herramienta Virtual.....	2.700,00 €
ORGANIZACIÓN EVENTO	168.204,45 €
SECRETARIA TÉCNICA:	23.900,00 €
Dirección y Producción.....	3.900,00 €
Gestión General Spin 2016.....	20.000,00 €
ESPACIOS:	36.814,45 €
Espacio Escenario Principal.....	20.000,00 €
Espacios Talleres.....	4.000,00 €
Espacio Recepción Asistentes.....	4.511,95 €
Recepción Ponentes.....	2.420,00 €
Sala recepción y Sala de prensa.....	1.830,00 €
Sala Partnering.....	3.352,50 €
Espacios OFF.....	420,00 €
Espacio Wimba.....	280,00 €
CATERING:	51.240,00 €
Restaurante VIP (2 días, 400 autoridades).....	30.000,00 €
Barras/Cafeterias (3 días).....	12.000,00 €
Zona Street food (3 días).....	9.240,00 €
STANDS	33.000,00 €
Stands 2* 2 (18unds).....	3.000,00 €
Stands 1* 1 (32 unds).....	15.000,00 €
Stand unis (31).....	15.000,00 €
GASTOS GENERALES:	6.500,00 €
Acometidas luz-Stands.....	6.500,00 €
TRADUCCIÓN:	11.200,00 €
Traducción (2 idiomas).....	6.600,00 €
Equipo Técnico.....	4.600,00 €
PERSONAL DE SALAS Y PRODUCCIÓN:	5.550,00 €
Personal de control y producción.....	2.700,00 €
Personal de sala.....	2.160,00 €
Vestuario.....	690,00 €
DIETAS Y VIAJES DE PONENTES	45.250,00 €
Viajes Ponentes/Talleristas.....	38.750,00 €
Alojamiento Ponentes/Talleristas Spin2016.....	6.500,00 €
M2M EMPRENDEDORES	126.450,00 €
FORMACIÓN M2M:	32.000,00 €
Talleres/formación Virtual (1 mes, 100 finalistas).....	10.000,00 €
Talleres/formación Presencial (3días, 30 finalistas).....	20.000,00 €
Materiales.....	2.000,00 €
*GASTOS VIAJE (Emprendedores iberoamericanos)	24.450,00 €
PREMIOS:	70.000,00 €
Premios (5).....	50.000,00 €
Premios en especie (RedEmprendia).....	20.000,00 €

SM4S EMPRESAS	54.925,00 €
FORMACIÓN SM4S	22.800,00 €
Formacion Fast Truck (7días, 20 finalistas).....	20.000,00 €
Materiales.....	2.800,00 €
**GASTOS DE VIAJES (de emprendedores e inversores)	20.000,00 €
PREMIOS	6.000,00 €
FORO DE INVERSIÓN:	6.125,00 €
Señalización.....	335,00 €
Diseño y construcción del espacio.....	2.700,00 €
Servicios Técnicos.....	1.000,00 €
Catering.....	2.000,00 €
Personal.....	90,00 €
TALLERES WIMBA	9.898,00 €
Taller Programación con Scratch & Leap Motion.....	1.398,00 €
Taller Electrónica Divertida.....	2.000,00 €
Taller Robótica con Arduino: Pintbots.....	5.000,00 €
Taller Diseño e Impresión 3D.....	1.500,00 €
TOTAL GASTOS	500.000,00 €

*Os gastos de viaxe inclúen os volos internacionais dos emprendedores finalistas do programa M2M, o aloxamento e manutención.

**Os gastos de viaxe inclúen os volos internacionais dos emprendedores finalistas do programa SM4S e dos inversores asistente, así como a súa manutención.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENIAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 50.000,00 € o que representa unha porcentaxe de 10% . No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 10 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/433/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOC. RED UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOC. RED

UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á ASOC. RED UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA), nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOC. RED UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a ASOC. RED UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOC. RED UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA).

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOC. RED UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA), unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ASOC. RED UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA)
- xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A ASOC. RED UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizarán entre os días **1 de xuño e o 31 de decembro de 2016**.

2. Unha vez rematadas as actividades, o ASOC. RED UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOC. RED UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ASOC. RED UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOC. RED UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOC. RED UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

A ASOC. RED UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

1. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS



1. A ASOC. RED UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOC. RED UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a ASOC. RED UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOC. RED UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres,

a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOC. RED UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOC. RED UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día **1 de xuño ata o 31 de decembro do ano 2016**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio do ano 2017 sempre e cando exista crédito para tal fin**

2. Para o caso de que a ASOC.. RED UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 30 de abril de 2017**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOC. RED UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA) perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de

xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio creárase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da ASOC. RED UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE INCUBACIÓN DE EMPRESAS (REDEMPRENDIA), respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o 30 de setembro de 2016

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE, P.D.
O DEPUTADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E
EMPREGO,

Asdo.: Jose Luis García García

O REPRESENTANTE DA , ASOC. RED
UNIVERSITARIA IBEROAMERICANA DE
INCUBACIÓN DE EMPRESAS
(REDEMPRENDIA)

Asdo.: Senén Barro Ameneiro